



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Novas tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á intervención logopédica	Código	652G04032	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Lorenzo Castiñeiras, Juan J.	Correo electrónico	j.lorenzo.castineiras@udc.es	
Profesorado	Lorenzo Castiñeiras, Juan J.	Correo electrónico	j.lorenzo.castineiras@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de novas tecnoloxías fará fincapé sobre o coñecemento e aplicación das ferramentas das tecnoloxías da información e a comunicación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de propostas educativas na intervención logopédica.</p> <p>Pretende que o alumando desenvolva capacidades na selección de recursos TIC e o manexo de software para crear propostas de intervención enfocadas tanto á prevención coma o tratamento das dificultades de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento da linguaxe.</p>			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

Non se realizarán cambios.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

- Sesión maxistral.
- Discusión dirixida.
- Prácticas a través de TIC´s.
- Proba oral (posibilidade de desenvolve-la virtualmente).

*Metodoloxías docentes que se modifican

- Discusión dirixida virtual a través dun foro ao efecto en Moodle.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.

? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos.

? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de foros temáticos para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas? e as "Prácticas a través de TIC´s".

? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.

1 sesión semanal (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (entre 6 e 8 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos traballos. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.

4. Modificacións na avaliación

* Posibilidade, se a situación o aconsella e existe acordo entre o alumnado (80% dacordo como mínimo), de suprimir a presentación oral e outorgar o 100% da nota ás prácticas TIC´s. En relación ás Prácticas TIC valorárase:

- A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.
- A profundidade do contido.
- O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas.
- O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.
- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.
- A organización e presentación.

*Observacións de avaliación:

1. SITUACIÓNS:

A) Alumnado con dedicación completa:

Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:

- a) Elaboración dos traballos (Prácticas TIC) en grupo (100%).

B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia,

segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012):

Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:

- a) Elaboración dos traballos (Prácticas TIC) individuais ou en pequeno grupo (100%).

2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.

Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (Prácticas TIC e Proba oral).

Entregar e expoñer as prácticas na data que se indique.

A convocatoria de xullo e extraordinaria estarán sometidas aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo de maneira accesible gratuitamente en Moodle ou na web.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade da información e na educación en particular, como recurso para o desenvolvemento das capacidades lingüísticas e o acceso a aprendizaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23	C6 C8
Atender á diversidade na selección, produción e aplicación dos recursos tecnolóxicos para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C6 C8
Coñecer diferentes ferramentas de software para a produción de materiais multimedia como recursos na prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Seleccionar e avaliar recursos TIC educativos para a prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe e a comunicación no desenvolvemento das habilidades lingüísticas.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Adaptar os recursos tecnolóxicos atendendo as características individuais na intervención dos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe e a comunicación.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Deseñar e producir recursos multimedia para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Coñecer ferramentas de traballo colaborativo para a produción de recursos educativos multimedia e proxectos que permitan favorecer a adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C3 C6 C8
Desenvolver dinámicas de traballo colaborativo a través da rede no deseño e produción de materiais educativos para favorecer o desenvolvemento da linguaxe con tecnoloxías da información e a comunicación.	A20 A23 A32	B1 B13 B23 B24	C1 C3 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: Novas tecnoloxías e atención a diversidade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Novas tecnoloxías e sociedade da información. 2. Enfoques educativos no uso das TIC. 3. Novas tecnoloxías e accesibilidade. 4. Atención á diversidade con medios tecnolóxico-didácticos.
MÓDULO II: Creación de contidos e elaboración de recursos multimedia para a avaliación e intervención logopédica.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Selección e avaliación de recursos multimedia para a intervención logopédica. 2. Programas de software libre, gratuito e comercial para a elaboración de recursos multimedia. 3. Creación de contidos multimedia para a atención á diversidade e o tratamento das dificultade e alteracións da linguaxe.



MÓDULO III: Recursos e ferramentas na rede para a intervención logopédica.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recursos e redes sociais para compartir produtos multimedia para a avaliación e intervención nos procesos de adquisición da linguaxe. 2. Ferramentas para a xestión, creación e publicación de contidos. 3. Cooperación e colaboración na rede entre profesionais da logopedia.
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A20 A23 A32 B13	6	12	18
Discusión dirixida	A20 A23 A32 B1 C6 C8	1	2	3
Prácticas a través de TIC	A20 A23 A32 B1 B13 B23 B24 C3 C4	26	58	84
Proba oral	A20 A23 A32 B1 B13 B23 B24 C1 C3 C4	1	4.5	5.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballarase os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordarase diversas temáticas orientadas a que o alumnado reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade e na intervención logopédica en particular. Analizaranse os distintos factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención profesional, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de abordar o traballo coas TIC nos seus diferentes ámbitos de intervención como logopedas.
Prácticas a través de TIC	<p>En torno aos diferentes temas propórase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciarase na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomarase como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, programas de software libre, gratuito e comercial, de ferramentas de autor e da pizarra dixital, para a creación de recursos multimedia e ferramentas na rede. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Proba oral	A proba oral constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá realizar a presentación dos traballos realizados a través das sesións de prácticas TIC facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas a través de TIC	<p>A atención personalizada que se describe para estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesor para a atención e seguimento do traballo realizado por cada grupo. Implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> <p>-----</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012 Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa asistencia e participación nas dinámicas que se recollen nos apartados de ?Metodoloxías? e ?Atención personalizada? descrita para as ?Prácticas a través de TIC?, a través dos grupos de traballo que se conformen na materia. A actividade farase atendendo ás observacións da avaliación sobre a flexibilidade de asistencia-participación e os requisitos para superar a materia.</p>
---------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A20 A23 A32 B1 B13 B23 B24 C1 C3 C4	Esta proba centrarase na presentación oral dos traballos desenvolvidos en torno aos traballos realizados nas prácticas TIC. Valorarase: <ul style="list-style-type: none"> - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva. 	20
Prácticas a través de TIC	A20 A23 A32 B1 B13 B23 B24 C3 C4	En relación ás Prácticas TIC valorarase: <ul style="list-style-type: none"> - A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A organización e presentación. 	80
Outros			

Observacións avaliación
<p>1. SITUACIÓNS:</p> <p>A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración dos traballos (Prácticas TIC) en grupo (80%). b) Presentación oral das prácticas de grupo (20%).</p> <p>B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/2012):Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración dos traballos (Prácticas TIC) individuais ou en pequeno grupo (80%). b) Presentación oral das prácticas de grupo (20%).</p> <p>2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:</p> <p>Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.</p> <p>Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (Prácticas TIC e Proba oral).</p> <p>Entregar e expoñer as prácticas na data que se indique.</p> <p>A convocatoria de xullo e extraordinaria estarán sometidas aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	Alcantud Marín, F. y Soto Pérez, J. (coords.) (2003). Tecnologías de ayuda en personas con trastornos de comunicación. Valencia: Nau Llibres. Area Moreira, M. (2004). Los medios y las tecnologías en la educación. Madrid. Pirámide. Chacón Medina, A. (2007). La atención a la diversidad con medios tecnológico-didácticos. En Nuevas Tecnologías para la educación en la era digital. Ortega. Iza Mikeleiz, M (2002). Recursos tecnológicos en logopedia. Archidona: Ediciones Aljibe. Nova Escola Galega (2007). Competencia dixital e ferramantas TIC. Revista Galega de Educación, nº 38. Sánchez Montoya, R (2002). Ordenador y discapacidad. Guía práctica de apoyo a las personas con necesidades educativas especiales. Madrid: CEPE. Toledo Morales, P. (2002). Accesibilidad en la red. Diseños de web para todos. Archidona: Ediciones Aljibe. Toledo, Morales P. (2001). Accesibilidad, informática y discapacidad. Sevilla. Mergablum.
Bibliografía complementaria	http://www.logopediadigital.org/http://www.logopediadigital.org/revista/http://www.espaciologopedico.com/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/02_00.htm http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ http://www.discapnet.es/Discapnet/CAstellano/default.htm http://www.sidar.org http://personal2.redestb.es/jamosa/lengua.htm http://www.parasordos.com http://www.ucv.ve/tartamudez.htm http://blog.educastur.es/ticynee/category/logopedia/ http://www.uv.es/bellochc/pdf/pwlogo1.pdf

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistir ás sesións presenciais. Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso.

Levar a cabo un adecuado traballo en equipo e cooperativo.

Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas.

Traballar de forma individual e en grupo con todos os documentos, artigos, presentacións e demais recursos de cada bloque.

Preparar de forma adecuada as presentacións orais.

Realizar algún curso de manexo de ferramentas informáticas que ofrece a AFI se for preciso.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías